

Expediente	1379/2022
Actividade	Aprobación de Ordenanzas
Procedemento	Aprobación de Ordenanzas
Asunto	ORDENANZA REGULADORA DA MOBILIDADE AMABLE E DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS
Código SIA	1327205
Unidade Xestora	Secretaría
Documento	Anuncio Portal Web

TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA

Trámite de consulta pública de Ordenanza Municipal Reguladora que ten por obxecto:

Regular o dereito das persoa ao espazo público nun novo esquema de prioridades no seu uso, no que a marcha peonil ocupa o primeiro lugar, seguindo principios como: o espazo público concibido como un dereito; as persoas como prioridade; a mobilidade inclusiva; a autonomía infantil; a pesquisa de mobilidades alternativas e sostibles; a consecución de espazos seguros, saudables, amables e de calidade; así como unha actividade económica de proximidade.



De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da Ordenanza Reguladora da mobilidade amable e de utilización dos espazos públicos, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de vinte días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- **Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:**

Coa aprobación desta Ordenanza preténdese regular xuridicamente a Mobilidade amable e a utilización dos espazos públicos do Concello do Rosal, xa que esta práctica carece dunha regulación xurídica específica. É por este motivo que semella axeitado que o Concello mediante a potestade regulamentaria poida establecer unha



Ordenanza que regule esta práctica articulando os procedementos e as normas a cumprir para facer uso do mesmo.

Esta Ordenanza dítase ante a necesidade de regular os seguintes puntos:

- Determinar as competencias municipais: autoridade municipal competente, axentes da Policía local e servizos técnicos.
 - Prioridades no uso dos espazos públicos ou normas xerais de comportamento no espazo público.
 - Normas de circulación e estacionamento, así como de carga e descarga.
 - Regulación da seguridade viaria.
 - Réxime de infracción e sancións.
-
- **Necesidade e Oportunidade da súa aprobación:**

A redacción da Ordenanza xurde da necesidade de regular a Mobilidade amable e a utilización dos espazos públicos do Concello do Rosal, facilitando á cidadanía o coñecemento dos mesmos, as formas de acceso, alcance e intensidade do seu uso, seguindo os principios de igualdade e non discriminación, publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, eficacia e eficiencia.

- **Obxectivos da norma:**

A presente Ordenanza ten por obxecto establecer o réxime regulamentario polo que se regulará a Mobilidade amable e a utilización dos espazos públicos, que vai supoñer a base xurídica do



Concello do Rosal para incrementar estes espazos públicos destinados ás persoas, crear infraestruturas de mobilidade alternativa e activa (a pé e en bicicleta) e poder cumprir tódolos proxectos executados baixo os Principios Ágora e as directrices da Guía de Espazos Públicos e Mobilidade Amable da Deputación de Pontevedra.

Asemade trátase de regular un marco común coas normas necesarios para facer uso dos espazos públicos, así como recoller as consecuencias do seu incumprimento, e regular as competencias administrativas neste senso.

- **Posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras:**

En virtude da potestade regulamentaria que se lles recoñece ás entidades locais segundo o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e o artigo 6 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG) e de acordo cos principios de legalidade, competencia, seguridade xurídica ou xerarquía normativa do artigo 103.1 da Constitución. Tal potestade e principios, xunto co afondamento nos obxectivos destacados, as competencias municipais establecidas no artigo 25 da LBRL e no artigo 80 da LALG, en materia de medio ambiente urbano e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas, infraestruturas viarias, seguridade en lugares públicos, a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais, a Policía local, o tráfico, o estacionamento de vehículos e a mobilidade ou o transporte colectivo urbano entre outras, así como a habilitación expresa do artigo 7 b) do Texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria (TRLTSV), aprobado polo Real decreto lexislativo



6/2015, de 30 de outubro, levan ao concello a tramitar e aprobar esta ordenanza municipal reguladora da mobilidade amable e de utilización dos espazos públicos no Concello de O Rosal polo que non se atopa solución alternativa reguladora mellor.

A Alcaldesa

Asdo: Ánxela Fernández Callís

